

equipos de protección



Sempre que sexa posible, aplica con vehículos e medios dotados de cabinas herméticas; se non, deberase facer uso dos **equipos de protección individual (EPI)** recollidos na avaliación de riscos.

Poderán ser, entre outros:

- Sombreiros, gorros ou caparuzas
- Máscaras
- Lentes protectoras axustadas ou pantallas faciais con ventilación
- Traxes (monos ou fundas) ou mandís
- Luvas (nitrilo ou neopreno)
- Botas

Os traxes, luvas e botas deben ser impermeables aos produtos empregados

Todos os equipos de protección individual terán marcado CE e os niveis de protección axeitados aos riscos avaliados.



e lembre...

Unha mala prevención pode levar consigo a longo prazo efectos graves para a saúde



PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

seguridade fronte aos praguicidas

Para máis información

issga.subdirecciontecnica@xunta.es



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA
DE GALICIA


seguridade fronte aos praguicidas



XUNTA DE GALICIA



prevención de riscos laborais fronte aos praguicidas



A utilización de produtos fitosanitarios é unha práctica habitual en moitas actividades no sector agrario, como o viñado, horta, froiteiras, pasteiro, etc.

Esta práctica de manexo de produtos químicos carrega un alto risco para a saúde.

exposición

Praguicidas

Termo usado de forma xeral para produtos de loita contra determinados organismos vivos (pragas) considerados prexudiciais, como insecticidas, herbicidas, funxicidas, rodenticidas, molusquicidas, etc.

Fitosanitarios

Praguicida específico para combater pragas dos vexetais.

Persoas expostas ao risco

A maior exposición ocorre cando a persoa se encontra moi preto do produto: apertura de envases, manipulación de produtos, carga de equipos de aplicación, pulverizado do produto, limpeza, entrada en campos recentemente fumigados, etc.

Distínguense dous tipos de exposicións:

Tipos de exposicións	
Exposicións indirectas	Persoas presentes ou próximas ás zonas de aplicación dos produtos e os consumidores
Exposicións directas	Persoas que manipulan o produto, mesmo de forma moi esporádica ou puntual.

riscos

Riscos para a saúde

A aplicación de fitosanitarios ten como factores máis importantes de risco o tipo de produto e a técnica de aplicación. Outros factores importantes que cómpre ter en conta son a concentración, o tempo de exposición, as condicións ambientais, a actividade física, os factores individuais (idade, peso, nutrición, etc.).

O principal risco deriva da súa toxicidade por contacto ou inhalación, xa que poden afectar as persoas penetrando a través da pel, da boca e das vías respiratorias.

Capacitación obrigatoria: carné de aplicador de fitosanitarios*	
Nivel	Quen o debe facer
Básico (25 horas)	Persoas auxiliares e agricultores, cando os produtos non sexan gases ou non sexan xeradores de gases clasificados como tóxicos e/ou moi tóxicos
Cualificado (72 horas)	Responsables de establecementos de venda e responsables de explotacións, cando os produtos non sexan gases ou non sexan xeradores de gases clasificados como tóxicos e/ou moi tóxicos
Piloto aplicador agroforestal (90 horas)	Piloto comercial de avión ou helicóptero
Fumigador/a (50 horas)	Aplicadores profesionais, persoal de empresas de servizos e responsables da aplicación de produtos tóxicos ou moi tóxicos

* Validez en todo o territorio nacional por 10 anos



Efectos prexudiciais	
Intoxicación aguda	Efectos inmediatos por unha exposición moi elevada de curta duración
Intoxicación crónica	Efectos a longo prazo por unha exposición continuada: • Reaccións alérxicas e inflamatorias • Efectos sobre a reprodución • Efectos sobre o sistema nervioso • Alteracións xenéticas e efectos canceríxenos • Morte

medidas preventivas

- **Utiliza só produtos homologados.** Pregunta ao proveedor se están no Rexistro Oficial de Produtos Fitosanitarios
- **Pide ao proveedor a ficha de datos de seguridade** do produto e lea antes de utilízalos
- **Le a etiqueta do produto** e segue as súas indicacións, conservando os produtos no envase orixinal ben pechados e coa etiqueta lexible
- **Almacena en lugares específicos** e mantén a menos cantidade posible. Non cambies os produtos de envase
- **Usa os medios e equipos axeitados.** Revisaos e leva a cabo o seu mantemento seguindo as instrucións do fabricante
- **Non apliques estes produtos en solitario** e evita facer estas operacións con temperaturas extremas
- **Evita aplicar con fortes ventos** polo risco a terceiros e pola perda de eficacia. Desprázate en sentido contrario á nube de fumigación
- **Non sopres nunca a boquilla** en caso de atasco
- **Sinala as zonas tratadas** e avisa as persoas que se poden ver expostas
- **Non comas, nin bebas** nin fumes durante as aplicacións ata que acabes e lava as mans, dúchate e cámbiate de roupa ao rematar a xornada. Lava esa roupa separada do resto
- **Solicita a avaliación de riscos** e as medidas preventivas á túa empresa
- **Solicita a vixilancia da túa saúde**



CLASIFICACIÓN SEGUNDO RISCOS	FRANXA DE COR E SIMBOLOXÍA DAS ETIQUETAS
Categoría I A SUMAMENTE PERIGOSO	MOI TÓXICO
Categoría I B MOI PERIGOSO	TÓXICO
Categoría II MODERADAMENTE PERIGOSO	NOCIVO
Categoría III POUCO PERIGOSO	COIDADADO
Categoría IV PRODUCTOS QUE NORMALMENTE NON TEÑEN PERIGO	COIDADADO

Simboloxía indicadora de perigos*

Explosivo	Comburente
Facilmente inflamable	Extremadamente inflamable
Tóxico	Moi Tóxico
Irritante	Nocivo
Corrosivo	Perigoso para o ambiente

* O 1 de decembro de 2010 o novo regulamento (CE) 1272/2008 entrou en vigor para as empresas fitosanitarias no tocante ás materias activas, modificando os pictogramas, pero non para os produtos.